

FARO DE VIGO

Exposición de Xoán Piñeiro

Concello de A Guarda

Rúa Praza do Reló, 1 36780 - [A Guarda](#)

[Web oficial](#)

del 13 de Julio al 1 de Septiembre de 2013

Horario: De martes a sábado: 11:00 - 14:00 e
20:00 - 22:00 h. Domingp: 11:00 - 14:00h.

Este sábado inaugúrase a exposición sobre o
escultor na Casa dos Alonsos.



Este verán entre o 13 de xullo e o 1 de setembro o andar baixo do novo concello da Guarda, a Casa dos Alonsos, abrirá as súas portas para achegarnos a obra do escultor Xoán Piñeiro.

As amplas salas coas que conta a planta baixa do novo concello transformaranse durante mes e medio no "atelier" do escultor. Pretende esta exposición ser algo máis cunha retrospectiva, quere chegar ó espírito do autor e amosar o proceso da creación e para iso propón converter o espacio nun obradoiro "aberto por obras", no que ensinar as pezas máis particulares deste autor, aquelas da colección familiar, non expostas nos museos. Estarán presentes obras pertencentes a diferentes etapas, materiais e técnicas; mais mantendo sempre esa esencia que define a escultura deste autor, a curva, a figura en movemento, a maternidade, os traballos do mar...

A mostra estará comisariada por Cuqui Piñeiro, broncista e herdeira do legado do seu pai dende a Fundación Artebronce (antaño taller do seu pai) de Goián.